

O PSdeG denuncia que a débeda contraída por Feijóo é xa "seis veces maior" que a do goberno de Touriño

"Esta é a magnífica xestión da que presumen, unha redución nos investimentos reais dun 10% e un aumento dun 34% nos pagos de débeda nun ano", explica o deputado autonómico Carlos González Santín, polo que o gasto en débeda "é sen dúbida o capítulo de gasto que ten un aumento maior nos orzamentos"

O deputado autonómico por Lugo e voceiro de Economía Carlos González Santín fixo unha análise xeral dos orzamentos da Xunta para 2013 antes da análise provincial con Concepción Burgo. O socialista asegurou que a Xunta fixo un recorte no orzamento consolidado de 378 millóns de euros e, se se teñen en conta só os gastos de "investimento real", sen os gastos de operacións financeiras, estamos a falar dunha redución de 655 millóns con respecto a 2012. Tendo en conta a variación do IPC, "os investimentos reais nos orzamentos recúrtanse en total un 10%, moi lonxe das cifras que dan desde o Goberno de Feijóo".

Por outra banda, asegurou que a débeda contraída por Feijóo é "seis veces maior" que a do Goberno de Touriño. A Xunta pasou de gastar 548 millóns de euros en 2012 a 834 millóns de euros en 2013, "un aumento do 34%, sen dúbida o capítulo de gasto que ten un aumento maior" nos orzamentos. "Esta é a magnífica xestión da que presume o señor Feijóo, unha redución nos investimentos reais, en servizos sociais e desenvolvemento da economía e infraestruturas do 10%, e por outro lado un aumento en gasto de débeda do 34%", resumiu.

Cifras do paro

González Santín asegurou que "este tipo de xestión e políticas levan á realidade actual coas cifras do paro coñecidas hoxe", nas que "Galicia é a comunidade cun maior aumento do desemprego de toda España, nun contexto no que só catro comunidades aumentaron o paro", e dentro de Galicia "Lugo é a provincia cun maior aumento de desemprego no último ano en relación co seu número de habitantes". O socialista augura que "seguirá subindo, e ata eles o recoñecen" cunha política "que claramente non dá resultados e non fomenta o crecemento". Para ilustralo, mostrou os datos da taxa de evolución do paro nos últimos anos, que levan "irremediabilmente aos 300.000 parados en Galicia":

	Previsión do PP	Realidade	Desviación
2010	15%	15,4%	3%
2011	15,1%	17,4%	15%
2012	16,4%	20,1%	23%
2013	21%	¿?	¿?

Lugo, 3 de xaneiro de 2012

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Mercedes Cernadas
Directora de Comunicación
628 179 013